

PLAN DE IGUALDADE

CURSO 2022-2023

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30/05/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30/05/2023

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	4
2.	CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	4
2.1.	ÁMBITO NORMATIVO E DE ACTUACIÓN, OBXECTIVOS PRINCIPAIS E PRINCIPIOS INSPIRADORES	5
3.	ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA	7
4.	OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN	
4.1.	PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES	8
4.2.	PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	9
4.3.	PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL	9
4.4.	PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASO DE LGBTIFOBIA	9
5.	MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS	9
5.1.	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	9
5.2.	ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES	10
5.3.	XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO	10
5.4.	INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR	11
5.5.	DESENVOLVEMENTO SOCIOEMOCIONAL DO ALUMNADO	11
6.	SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	12

INTRODUCCIÓN

A escola é unha organización onde profesorado e alumnado desenvolven o seu traballo, é o lugar que debe servir de marco axeitado para crear un ambiente favorecedor dos procesos de ensino-aprendizaxe.

Xunto con todos os membros da comunidade educativa, os mestres queremos conseguir que o alumnado constrúa a súa personalidade, desenvolva ao máximo as súas capacidades e conforme a súa propia identidade persoal.

É moi importante a transmisión de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto, a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

O obxectivo final é preparar ao alumnado do CEIPP da Laxe para a participación activa na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación aos cambios da sociedade.

Conseguir que o alumnado desenvolva ao máximo as súas capacidades non é posible sen un profesorado comprometido coa súa tarefa. Polo tanto, buscamos para o noso centro un clima agradable de aprendizaxe, boas relacións persoais, mellores resultados académicos e, en conxunto, todo aquilo que nos axude a potenciar ao máximo as capacidades e competencias do noso alumnado e a satisfacción de toda a comunidade educativa.

Para levar isto a cabo traballaremos por un modelo coeducativo, partindo sempre do respecto, non admitindo, no centro escolar, as desigualdades entre alumnas e alumnos sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

2.1. ÁMBITO NORMATIVO E DE ACTUACIÓN, OBXECTIVOS PRINCIPAIS E PRINCIPIOS INSPIRADORES

Máis alá do principio lexislativo de transversalidade que obriga a que o obxectivo da igualdade de xénero estea presente en todas as políticas públicas e na acción administrativa, no caso concreto da educación, a construción dunha sociedade igualitaria por razón de xénero ten un marco normativo, tanto estatal como autonómico, no que se ampara.

A **Constitución española** de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que “*é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva*” e, de xeito moi similar, o noso **Estatuto de autonomía** atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal.

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a *Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015* considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

No **ámbito estatal** a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, adopta un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación e fomenta en todas as etapas a aprendizaxe da

igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual.

No **ámbito autonómico**, ademais do *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, o **Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia** xurde da cooperación entre os órganos superiores da Xunta de Galicia con competencias en materia de educación e igualdade, que ten como obxectivo xeral principal que a actividade educativa estea dirixida de xeito transversal a contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

O Plan diríxese en primeiro lugar a toda a comunidade educativa, sendo a educación unha das canles con máis importancia para a transmisión de valores. Preténdese que mediante esa vía se leve a cabo unha verdadeira transformación social na que o xénero non sexa un motivo de discriminación e facendo especial fincapé no grave problema social da violencia de xénero que, como forma extrema de desigualdade, require que sexa tratado dende o ámbito educativo coa finalidade de que se difunda, dende os primeiros anos de escolarización, unha educación que promova o respecto e a igualdade co obxectivo de que esa lacra social poida algún día desaparecer da nosa sociedade.

Resulta de especial importancia a colaboración e o apoio dos departamentos de orientación dos centros educativos xunto co resto do profesorado, como recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa en termos de igualdade, por ter entre as súas funcións asesorar e poñer á disposición de cada comunidade educativa aqueles medios ou recursos necesarios para a atención á diversidade.

Outra das finalidades deste Plan é a integración e a normalización da diversidade afectiva e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación

no ámbito educativo polas súas opcións. Neste sentido, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non impoña un modelo uniforme de sexualidade como predominante. Para a construción da igualdade na sociedade é preciso que se constrúa unha reflexión global importante sobre que se ensina, como se ensina e o tipo de sociedade á que nos diriximos. Na escola é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas e polo tanto favorecendo que a sociedade do futuro sexa máis igualitaria. Tamén é preciso procurar formación en igualdade e a reflexión entre o profesorado sobre a transmisión de estereotipos de xénero no ámbito escolar e favorecer a toma de conciencia das demais persoas que integran a comunidade educativa para reverter toda situación discriminatoria que poida ter lugar neste ámbito. Na dimensión da educación como formación profesional débese ter en conta tamén que a transmisión dende a educación duns valores sociais e culturais tradicionais nos que se outorgan determinadas cualidades e expectativas como "propias" de cada sexo, e asociadas á condición de ser muller ou ser home, segue sendo determinante na elección académica que as rapazas e os rapaces realizan, o que orixina unha división do traballo sexuada que é preciso reverter. Por outra parte é preciso que en todos os ámbitos da educación se faga énfase na necesidade de camiñar cara á corresponsabilidade en todos os ámbitos, de tal xeito que se modifiquen os patróns de conduta adquiridos pola tradición familiar e social que crearon etiquetas para as distintas tarefas en función do sexo.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

A coeducación e a transmisión de valores no centro é mellorable, xa que ás veces, nin nós mesmos somos conscientes, aínda que si coñecedores, dos patróns de conducta empregados.

Partimos de que debe existir un bo clima de relacións persoais, xa que é fundamental para conseguir un ambiente de traballo cómodo e respectuoso, sendo este un dos eixes fundamentais para poder poñer en marcha este plan.

Aplicando unha metodoloxía preventiva, dende o centro, seremos mediadores que se encargarán de solucionar pequenos conflitos entre o alumnado e ao mesmo tempo traballarase en todas as aulas seguindo un mesmo protocolo.

O clima de convivencia que se percibe no noso centro é aceptable pero non suficiente cando falamos de igualdade de xénero. Coa elaboración deste plan pretendemos melloralo.

En canto á relación coas familias, botamos en falta que ambas figuras, tanto materna como paterna estean presentes. Dende a casa débese educar no respecto, na cooperación, na responsabilidade, na tolerancia... que nós traballamos co noso alumnado, pero que deben ser reforzados no ambiente familiar, aclarando sempre as dúbidas, non mentindo e dando unha visión real e actual.

A convivencia entre o alumnado é moi mellorable. Algunhas veces prodúcense agresións a outras/os compañeiras/os, moitos destes orixinados nos xogos: insultos, pelexas, poñen alcumes... Estes resólvense co diálogo, algunha medida disciplinaria de carácter menor.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

- Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.
- Visibilizar e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.

4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero (control, acoso, abuso...).
- Apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarase en coordinación con servizos sociais.

4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

- Colaboración con axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todas as persoas destinatarias da comunidade educativa galega, independentemente do nivel e réxime de escolarización.

4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASO DE LGBTIFOBIA.

- Actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

5.1. ORGANIZACIÓN DE CENTRO

- Establecer medidas de igualdade e de atención á diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar nos documentos de organización do centro: Proxecto Educativo do Centro e Plan de Convivencia.
- Incluír no taboleiro destinado ás familias información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.

- Favorecer un uso da linguaxe inclusiva e non sexista. Revisaranse e modificaranse, se procede, todos os documentos do centro, para incorporar unha linguaxe non sexista.

5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES

- Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero. Eliminar os contidos claramente discriminatorios, violentos e sexistas.
- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero e contra a violencia sexista.
- Organizar actividades en efemérides concretas, tales como o 25 de novembro, *Día Internacional contra a Violencia cara á Muller*; o 8 de marzo, *Día Internacional da Muller*...
- Facilitar material de apoio e de recursos didácticos para que os/as titores/as e profesorado poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar na aula.
- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír ás mulleres en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, ás desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...

5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO

- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.

- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Orientar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a equidade na actividade física, facilitando a libre elección en prácticas físico-deportivas non estereotipadas.

5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente...
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover relacións de aceptación e cooperación, así como, establecer relación saudables entre o alumnado.

5.5. DESENVOLVEMENTO SOCIOEMOCIONAL DO ALUMNADO

- Fomentar hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificar e verbalizar as propias emocións e respecto polas dos demais.
- Promocionar a alfabetización emocional en valores como a empatía, o respecto, a tolerancia autoestima, a ética do coidado, a non violencia...
- Promover a sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade en termos afectivo-sexuais.
- Desenvolver estratexias para xestionar as propias emocións, ideas e comportamentos persoais en situacións de tensión ou conflito.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación terá carácter continuo e avaliaremos se os obxectivos propostos se conseguiron ou non. Avaliarase a participación activa de toda a comunidade educativa. Elaboraremos unha memoria final, onde se recollerán:

- O grao de adquisición dos obxectivos marcados.
- A coordinación entre o profesorado.
- O grao de participación de axentes externos (asociacións, familias...).
- Os materiais empregados.
- A actitude do alumnado.
- A implicación do claustro en materia de Igualdade.

Os instrumentos empregados serán: a observación, enquisas sobre actividades... Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.